

Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Ponte Caldelas para a asunción por Augas de Galicia da xestión da estación depuradora de augas residuais de Ponte Caldelas e da prestación do servizo de depuración.

1. Antecedentes

O 25.09.2003 o Concello de Ponte Caldelas solicitou a colaboración técnica e financeira da Administración autonómica para a execución das obras da EDAR de Ponte Caldelas, de acordo co disposto no entón vixente Decreto 84/1997, do 10 de abril, de colaboración técnica e financeira da Administración hidráulica de Galicia coas entidades locais en materia de abastecemento e saneamento de augas.

Logo da tramitación correspondente, a colaboración foi aprobada por resolución do presidente de Augas de Galicia do 07.10.2003 e autorizada por acordo do 29.10.2003 do Consello da Xunta de Galicia.

Rematada a execución das obras, recibidas en conformidade o 27.06.2006 e e postas estas a disposición do concello Ponte Caldelas o 26.07.2006, este non chegou a asumir as súas obrigas en canto á súa explotación, conservación e mantemento, sendo a Administración hidráulica de Galicia a que veu prestando o servizo de depuración dende o mesmo remate da súa execución, a través de diversos contratos de xestión de servizo público. O último deles con clave OH.336.1094, adxudicado a Extraco Construcións e Proxectos, S.A.

Con data do 06.10.2014 formalizouse entre ambas administracións un convenio de colaboración a fin de regular os termos da dita xestión por parte de Augas de Galicia, cuxa vixencia rematou o 30.08.2023, non sendo posible legalmente a súa prórroga.

Augas de Galicia vén garantindo a prestación do servizo de depuración desde o remate da vixencia do convenio en tanto non se ultime a tramitación establecida la Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (LMXCIA).

Con data do 27.06.2023, no marco do disposto na disposición transitoria primeira da Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (LMXCIA), o Concello de Ponte Caldelas manifestou o seu interese en que Augas de Galicia continúase a xestionar a estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Ponte Caldelas, para o que é preciso a tramitación dun convenio de colaboración nos termos establecidos na dita lei.

2. Obxectivos que se pretenden

É obxecto do convenio establecer as condicións nas que Augas de Galicia asumirá, en calidade de entidade prestadora de servizos e nos termos establecidos na Lei



1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga, a xestión da estación depuradora de augas residuais de Ponte Caldelas e dos seus equipos e instalacións.

3. Necesidade da colaboración, razóns de oportunidade e xustificación da non concorrencia

O servizo de tratamento de augas residuais urbanas é un servizo de competencia municipal, establecida nos artigos 25.2 c), 26.1 a) e 86.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; nos artigos 80.2 l) e 81 a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia; e que tamén recolle a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, nos seus artigos 5 e 27, no reparto de competencias entre as diferentes administracións públicas de Galicia en materia de infraestruturas hidráulicas.

De acordo co artigo 24.2 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, a actuación das administracións autonómica e local terá como finalidade, en materia de saneamento e depuración, contribuír á consecución do bo estado ecolóxico das augas e dos seus ecosistemas asociados. Neste sentido, Augas de Galicia poderá formalizar os convenios que sexan precisos coas entidades locais para conseguir os obxectivos das políticas de saneamento e depuración fixados, no ámbito de colaboración e cooperación que debe presidir as relacións entre administracións, tal e como se recolle no artigo 30 da citada Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular a colaboración de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei.

4. Estimación de custos e financiamento

O custo estimado para a explotación da estación depuradora de augas residuais de Comboa é de 199.902,64 euros anuais máis IVE (10%), ao que deben engadirse os custos de subministración eléctrica, que se estiman en 57.995,35 euros anuais (IVE excluído).

Para o financiamento do importe da explotación Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado retido na conta 6299 "Outros servizos exteriores" do Plan xeral de contabilidade pública de Galicia. Para o financiamento do importe da subministración eléctrica Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado retido na conta 6280 "Enerxía eléctrica" do Plan xeral de contabilidade pública de Galicia.



Se ben a estimación de custos e o seu financiamento son os indicados, cómpre poñer de manifesto que estes gastos se contabilizan e imputan nos correspondentes procedementos de contratación de xestión do servizo público de explotación da depuradora.

Augas de Galicia vén explotando a EDAR de Ponte Caldelas ao abeiro do contrato de xestión de servizo público da explotación das estacións depuradoras de augas residuais de Ponte Caldelas e Comboa (Pontevedra), de clave OH.336.1094/XSP, contrato que está prorrogado e cuxa última prórroga finaliza o vindeiro día 31.03.2025.

Para a explotación no futuro da EDAR de Ponte Caldelas Augas de Galicia licitou o contrato de servizo de explotación, mantemento e conservación das estacións depuradoras de augas residuais de Ponte Caldelas, Comboa e Riomaior. Ponte Caldelas, Soutomaior e Vilaboa (Pontevedra), de clave AUG-2025-0001, cun prazo de execución de vinte e catro (24) meses, prorrogable ata un máximo de trinta e seis (36) meses, un orzamento base de licitación de 1.651.653,45 euros (incluído IVE) e un valor estimado de 3.602.032,85 euros (excluído IVE).

Os gastos correspondentes á subministración eléctrica da EDAR de Ponte Caldelas non están incluídos no importe de licitación porque está prevista a incorporación desta subministración ao contrato centralizado de enerxía eléctrica da rede de enerxía da Xunta de Galicia (Redexga), sendo comunicada a dita previsión ao órgano xestor da Redexga.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente
O director de Augas de Galicia
Roi Fernández Añón

